2º. Someter a información pública o expediente durante 1 mes a efectos de presentación de reclamacións.

3º. Se en dito prazo non se presentasen reclamacións, considerar definitivamente desafectados do dominio público tanto a parcela como o centro de saúde e proceder coa cesión ó SERGAS.

B- EXENCIÓN IBI

1º. Estará exento do imposto sobre bens inmobles, a parcela número 39 A4, denominada “Outenín” de San Vicente de Boqueixón, na que está emprazado o centro de saúde de O Forte, que tamén está exento.

2º. Publicar este acordo no BOP e no taboleiro de edictos do concello durante 30 días e considerar o acordo definitivamente adoptado no caso de non presentarse reclamacións.

5. Aplicación dos pregos da Deputación Provincial da Coruña ás obras municipais

Desde hai anos, este concello asume os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación de obras comprendidas en plans provinciais, publicados pola Deputación Provincial da Coruña.

No mes de decembro de 2015, a raíz das constantes e variadas modificacións que as distintas leis produciron no texto refundido da lei de contratos, a Deputación levou a Pleno a modificación dos pregos que se viñan utilizando nas obras. No mes de xaneiro saen publicados no BOP.

Con ocasión desta modificación e co obxecto de seguir aplicando os pregos nas contratacións das obras municipais que se realicen por parte do concello, propónse a súa aprobación.

O señor Canabal di o seguinte: ”Neste punto imos facer dúas confesións previas:

1. Non puidemos facer un análise profundo destes pregos.
2. Ademais, fáltanos ao grupo formación xurídica para poder analizalos en profundidade.

Supoño que o equipo de goberno si fixo análise, e que lle prestará apoio, mais nós, a falta dunha análise pormenorizada, como non votamos por cuestións de fe, imos absternos.

Dicir tamén, que á vista da nosa experiencia (temos participado en mesas de contratación) o problema das contratacións non están no emprego ou non de pregos estándares, senón máis ben na letra miúda (ofertas técnicas específicas difíciles de valorar con criterios obxectivos, ofertas temerarias de servizos complementarios que a administración non vela polo seu cumprimento, formulación matemática para valorar elementos obxectivos... En fin son estas cousas as que ao fin definen un contrato para unha empresa ou outra.”

O señor Sanjuás di que están de acordo coa súa aprobación.

Cos votos a favor do PP e a abstención da agrupación Veciñ@s de Boqueixón, acórdase:

- Aprobar e asumir os pregos tipo de cláusulas administrativas particulares que rexerán nas contratacións de obras comprendidas en Plans Provinciais e que constan publicados integramente no BOP núm. 3 con data 7/01/2016.

6.Aprobación do proxecto modificado “Camiño Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros – POS 2016

No Pleno realizado o día 10 de decembro de 2015, aprobáronse os proxectos das obras incluídas no Plan POS 2016 da Deputación da Coruña. Un deses proxectos é o denominado “Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros” por importe de 53.577,01 euros.

Para a realización dalgunhas obras incluídas neste proxecto, precisábase autorización de patrimonio, en concreto para a pavimentación da praza da feira de Lestedo.

Con data 9 de febreiro, e despois de recurrir anteriormente o informe desfavorable, chega definitivamente a resolución onde non se autorizan as obras de pavimentación solicitadas. Polo tanto é preciso modificar o proxecto aprobado no seu día e excluír estas obras.

Desta maneira, en substitución da referida obra de pavimentación da praza da feira de Lestedo, pasan a formar parte do proxecto modificado as seguintes actuacións:

Acceso en Pumares (Sergude), Interiores en Casal e Interiores en Casal II, que se axustan e coinciden co importe da obra excluída e non se precisa ningún tipo de autorización para levalas a cabo.

Xunto co correspondente proxecto modificado, o técnico redactor do proxecto, don Julio C. Rojo Martínez, elabora un informe onde xustifica as modificacións realizadas as que non se consideran substanciais.

Por último, destacar que o importe do proxecto modificado é o mesmo que o do proxecto orixinal.

O señor Canabal di: “Imos votar en contra do modificado, sen entrar na necesidade ou non da obra presentada.

Dixemos no pleno de aprobación do POS 2016, que este non recollía o acordo plenario da priorización do ano 2016 (Moción presentada por Veciñ@s e aprobada pola unanimidade deste pleno onde se priorizaban o aglomerado no último tramo da estrada a Lavacolla e a Estrada de Ledesma a Codeso por Donas). É dicir, o acordo do POS é un incumplimento a un acordo anterior deste pleno que vostedes non cumpriron.

En segundo lugar dixemos que os Plans que se aportaban dende o concello eran un fraude, por dous motivos básicos:

1. Os proxectos non eran maiores de 30.000 € como recdlen as bases do POS, senón que eran un conxunto de actuacións diversas e inconexas empaketadas nun mesmo tomo.
2. O POS financia Obras e servizos, mais tendo en conta o cariz dos proxectos empaketados, estes corresponden a arranxos “Reparación, mantemento e conservación e non a obra nova ou a subministros novos.

Por outro lado, e visto agora a modificación, sorprende ver como encaixa á perfección o asfaltado dun camiño, exactamente coa mesma contía que o aglomerado da feira de Lestedo. Curioso, por non empregar outro adxectivo.

Está pois claro o noso voto negativo, posto que seguimos pensando que os criterios de priorización que presentamos ante este pleno en setembro seguen sendo prioritarios aos pequenos arranxos que vostedes presentaron no POS 2016.

O señor Sanjuás di que están de acordo.

Sen máis cos votos a favor do PP e en contra da agrupación Veciñ@s de Boqueixón acórdase:

1 Aprobar o proxecto modificado da obra Camiño de Troitomil a pista aglomerado (Lestedo) e outros por importe de 53.577,01 euros

2 Enviar á Deputación a documentación relativa ó expediente desta obra para a súa tramitación

7.Mocións número 16/433 e 16/434 presentadas polo agrupación municipal Veciñ@s

A) Mocións número 16/433. - Moción para a mellora de acceso a internet

Defende esta moción o señor Barcala Mosquera e di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

PRIMEIRO: Boqueixón, sendo un concello limítrofe con Santiago, está quedando á cola do acceso a internet, infraestrutura que é básica tanto para o desenvolvemento económico como para o benestar básico da poboación. Recordarlle neste punto os obxectivos da Axenda Dixital Europea que prevé que para o ano 2020 (quedan só 4 anos) toda a poboación debe ter un acceso de 30 megas como mínimo (cando na actualidade en certas zonas do noso concello non chegamos a 1Mb).

SEGUNDO: O Pleno deste Concello ten aprobado por unanimidade varias mocións en relación coa aplicación das TIC e en concreto do funcionamento moi deficiente do ADSL no noso Concello. Concretamente aprobáronse por unanimidade sendas mocións do 29 de novembro de 2005 e do 9 de maio de 2012.

TERCEIRO: Dende aquela ata hoxe, e aínda que este tema foi reiterativo en diversos plenos desta corporación, a través de preguntas e rogos, seguimos sen saber cales foron as xestións feitas, e sen ter de momento ningunha aplicación práctica destas carencias.

CUARTO: Cabe tamén destacar que ao longo do pasado ano, unha campaña de sinaturas concentrada sobre todo na parroquia de Lestedo, advertíanos do mal servizo que os veciños e empresa padecen. Ese escrito foi tamén rexistrado neste concello, sen que de momento teñamos constancia se houbo xestións, e sen que, que nós saibamos, se teña contestado a este escrito de sinaturas.

QUINTO: No pleno do 11 de novembro de 2015, o Grupo Municipal de Veciños amosaba a súa sorpresa ao comprobar que o Grupo do PP no Parlamento de Galicia rexeitara unha iniciativa a favor do Plan Dixital 2020, proposta polo grupo parlamentario dos Socialistas de Galicia, de vital importancia e necesidade para o desenvolvemento do noso Concello.

Veciñ@s de Boqueixón ten preguntado distintas opcións sobre o tema destacando na presente moción algún deles que só serían medidas transitorias ata esixir que se cumpran os obxectivos da Axenda Dixital Europea recollidos no punto 1 da exposición de motivos. Estas medidas transitorias consistirían en:

1. Lograr a autorización dun distribuidor de sinal da fibra óptica da que dispoñen os Centros de Saúde. Esta solución daría un acceso entre 20 e 30 megas para cada casa. Sinalamos como desvantaxe desta opción que esta opción non cubriría todo o concello aínda que podería abranguer máis que as dúas parroquias que contan con Centro de Saúde.
2. Para a zona Sur do Concello xunto co Concello de Vedra cabería a posibilidade de solicitar o servizo de Internet da Estrada que ofrece un servizo de 6 megas.
3. Unha opción tamén a explorar sería negociar en masa coas compañías e asegurarlle un número de clientes. Aínda que é unha opción dificultosa, podería ser posible cunha amparo activo do Concello.

Poden verse que existen opcións de mellora para o acceso a Internet acorde coas necesidades do século XXI, prestándonos actualmente un servizo moi deficiente con características do pasado século.

De igual xeito, o Concello non pode quedar ao marxe desta problemática, vendo a necesidade de traballar en opcións transitorias senón definitivas que permitan ter á maior parte dos veciños e no menor período de tempo acceso a un internet moderno e resolver as importantes deficiencias que temos na actualidade.

É por iso que sometemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Traballar a curto prazo en opcións transitorias que permitan á maior parte dos veciños ter un acceso a internet maior aos 10 Mb.
2. Camiñar a medio prazo para que se cumpran os obxectivos no tempo máis curto posible da Axenda Dixital Europea, para ter un acceso de 30 Mb, como mínimo, antes do ano 2020.

O señor alcalde di que están totalmente de acordo e votan a favor e que no pleno do Concello de Boqueixón que tivo lugar o 9 de setembro do 2015 por esta alcaldía xa se deu resposta ás preguntas formuladas pola Agrupación Veciñ@s en relación cos problemas que ten a veciñanza de Boqueixón en materia de falta de servizo de internet, ADSL, en diferentes parroquias así como a necesidade do aumento do ancho de banda.

No pleno ordinario do 9 de setembro do 2015 en relación coa pregunta formulada polo Concelleiro Barcala Mosquera no Pleno ordinario de 8 de xullo de 2015: ¿Quixera saber si o novo alcalde e consciente dos numerosos problemas que temos cas telecomunicacións no noso concello, basicamente cas liñas ADSL, para internet?

Respondeuse que: “Desde a Xunta de Galicia, a Axencia para a Modernización tecnolóxica de Galicia comunica que no concello de Boqueixón máis do 98% dos habitantes teñen acceso ó servizo de banda larga a través de redes fixas ou sen fíos.

Por outra banda á operadora obrigada a prestar conexión a internet de banda larga, Telefónica de España, SAU, remitíuselle igualmente solicitude de aumentar o ancho de banda no concello de Boqueixón.”

Neste senso manifestar tamén que no seu momento, e así consta rexistrado no concello, deuse resposta á solicitude veciñal para mellorar a conexión a internet en Lestedo.

Con data 23 de setembro do 2015 recibimos nova e importante información por parte do Parlamento de Galicia que sinala que :

Antes da posta en marcha do Plan de Banda Larga, o conxunto de Galicia tiña unha cobertura de apenas o 71,8% da poboación. Na actualidade esta cobertura é de máis do 98% da poboación. Isto foi posible grazas a un investimento público de máis de 80 millóns de euros en Galicia.

No que respecta aos concellos de Boqueixón, Touro e Vedra, estes tiñan en conxunto antes da posta en marcha do Plan de Banda Larga, unha cobertura de banda larga do 44% da poboación.

Hoxe en día, grazas a este Plan, a cobertura é de máis do 98% da poboación destes tres concellos.

A continuación amósase unha táboa co desglose destes avances:

	Hab. Totais	Cobertura inicial Plan 2009	Cobertura final acumulada 2015	Satélite	Cobertura Total
Concello de BOQUEIXÓN	4.444	41,06%	>98%	<2%	100%
Concello de VEDRA	5.052	71,32%	>98%	<2%	100%
Concello de TOURO	4.151	14,01%	>98%	<2%	100%

Polo tanto , en relación co Concello de Boqueixón, antes da posta en marcha do Plan Banda Larga entorno ao 41,06% da poboación¹ contaba con acceso á banda larga de calidade.

A día de hoxe e grazas ao Plan, en torno ao 99,77% dos habitantes do concello xa dispoñen de acceso ao servizo de banda larga de calidade.

Facilitouse a cobertura a 2.609 habitantes que non dispoñían da mesma grazas aos seguintes despregamentos:

- despregamentos de redes fixas ADSL de Telefónica nos núcleos de Forte, Camporrapado, Sergude e Quian
- despregamentos de redes Wimax de Iberbanda nos núcleos de Maravejanes, Orto, Ardesende, Giadas, Vilaboa, Iglesia na parroquia de Granxa, Reboredo,

Granxa, Espiñeira, A Iglesia na parroquia de Loureda, Loureda, Moa, Outeiro, León, Rebordaos, Loureiro, Sucira e Santa Baia

- despregamentos de redes sen fíos 3G de Telefónica nos núcleos de Gastrar, Rubial, Caneda, A Iglesia na parroquia de Sergude, Melón, Rubio e tamén nos núcleos da parroquia de Lamas

Como pode verse, o avance foi moi importante, duplicándose a cobertura existente na zona grazas a un investimento público que roldou os 500.000 euros.

Este avance, ademais, foi conseguido mediante a combinación de tres tecnoloxías: o ADSL, o Wimax e o 3G.

Para acadar estes avances:

- Modernizáronse 4 centrais de ADSL en Boqueixón, Vedra e Touro e, ademais, construíuse unha nova central adicional na zona de Sergude.
- Instalouse equipamento Wimax en dous emprazamentos de Retegal situados na zona.
- Actualizáronse máis de 20 emprazamentos de telefonía móbil para incorporar neles tecnoloxía 3G na banda de 900 Mhz.

En todo caso, a Xunta de Galicia, consciente de que por mor da orografía e dispersión da nosa comunidade, sempre poden existir zonas de sombra de cobertura, convocou durante tres anos: 2012, 2013 e 2014, axudas para a contratación de internet vía satélite para aquelas familias e empresas que non contaban con cobertura a través de outras tecnoloxías.

Case 50 familias e empresas destes tres concellos foron beneficiarios destas axudas para a contratación de internet vía satélite, demostrándose polo tanto a eficacia das mesmas nesta zona.

Non nos conformamos. Grazas ao novo Plan a practica totalidade da poboación disporá de cobertura de 30 Mbps e ademais, todos os núcleos de máis de 500 habitantes e aqueles con maior concentración de demanda disporán tamén de redes de 100Mbps.

O señor Canabal solicita que se lle entregue a información que sobre este tema exista no concello e o señor alcalde responde que elaborará un informe de todos os trámites que se efectuaron.

Por unanimidade apróbase esta moción número 16/433 do grupo municipal Veciñ@s.

B) Mocións número 16/434. - Moción solicitando a rebaixa da peaxe da AP-53

Defende esta moción a concelleira dona María Carmen Soutullo e di:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O pasado 8 de febreiro tivo entrada no rexistro deste Concello o acordo adoitado polo Pleno Municipal de Lalín, solicitando a rebaixa da Peaxe da AP-53 (Santiago – Lalín). O Grupo Municipal de Veciños apoia os termos da presente moción e quere sumarse á reivindicación do Concello de Lalín nos termos expresados na moción.

É por iso que sometemos ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

O Concello de Boqueixón apoia os acordos do Concello de Lalín e en concreto:

1. Solicitar ao Ministerio de Fomento que proceda a transferir a titularidade da autoestrada AP-53, nos seus distintos tramos, Ourense – Dozón e Dozón Santiago de Compostela á Xunta de Galicia, o antes posible, reiterando así a petición xa formulada polo Concello de Lalín en data 29/09/2014 e tamén aprobada polo parlamento de Galicia.
2. Esixirlle ao Goberno da Xunta de Galicia que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da non asumible peaxe da AP-53.
3. Esixirlle ao Ministerio de Fomento a que, dentro do seu ámbito competencial, asuma de maneira clara e firme o compromiso de realizar todas as xestións necesarias para propiciar con carácter urxente a rebaixa da non asumible peaxe da AP-53.

Sinala a maiores dona Maria Carmen Soutullo á moción que:

A autoestrada AP-53 é a principal vía de comunicación entre Santiago e Lalín e, por extensión do centro de Galicia. Pero toda a súa potencialidade como elemento de vertebración territorial e dinamización social e económica vese limitada por ser unha das peaxes máis caras do Estado (entre 6 € e 12 € segundo o tipo de vehículos por un pouco máis de 40 km.

O seu elevado prezo é a causa da baixa densidade de vehículos que por ela circulan. Feito que impide que a AP-53 sexa un referente para a reactivación económica dos concellos polos que pasa.

O prezo prohibitivo da peaxe afecta tamén á mobilidade dos tres municipios (Lalín, Silleda e Compostela) que entre outras cousas comparte área sanitaria dependendo así desta infraestrutura para acudir a unha simple cita médica.

Sen máis, por unanimidade apróbase a moción número 16/434 presentada polo grupo municipal Veciñ@s.

8. Información da alcaldía

A) Danse conta dos decretos habidos desde o 13 de xaneiro ata o 4 de marzo do 2016

B) Comunícanse os datos correspondentes ó “Informe de Avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012, e que supoñen que o presuposto do Concello de Boqueixón cumpre o obxectivo de estabilidade presupostaria así como o nivel de débeda viva en relación co ano 2016.”

C) Comunícanse os datos correspondentes ó “Informe de Avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012 e da regra de gasto así como o nivel de débeda viva, en relación co 4º trimestre do exercicio 2015.”

De todo elo se dan os Concelleiros/as por informados/as.

9.Rogos e Preguntas

O señor Canabal fai os seguintes ROGOS:

1.Sobre a reunión da Mancomunidade.

Vimos na semana pasada que os alcaldes da mancomunidade se reunirán (creo que de xeito informal) para ver de reactivar a mobilidade.

- Que temas se trataron?
- Hai algún avance?

Como é sabido, O grupo municipal de Veciñ@s aposta claramente pola comarcalización de servizos. En particular gustaríanos participar e elaborar documentos de traballo sobre algún dos seguintes temas, que coidamos que serían de especial interese para @s nos@s veciñ@s:

- Mobilidade (Transporte público, aparcadoiros, creación de lanzadeiras para unirnos con Santiago...)
- Plano comarcal de bombeiros.
- Abastecemento de auga.
- Coordinación de diversos servizos sociais.
- Coordinación de contratación de bens e servizos.
- Servizo de recollida de lixo.
- Construción dun centro de día.
- Corpo de policía comarcal.

Coidamos que ter unha formulación común sobre estes e outros temas, redundaría nunha mellor prestación dos servizos para os nosos veciños.

O señor alcalde di que de momento só se iniciaron conversas para poñer en marcha algúns dos servizos.

Falouse, segue dicindo o señor alcalde, do parque de bombeiros e quedouse en que despois da “Semana Santa” haberá outra xuntanza para tratar este tema.

Tamén se falou da colaboración para a prestación conxunta de varios servizos, da contratación eléctrica, etc.

En canto ó servizo de abastecemento de auga, comunica así mesmo o señor alcalde que se recibiu unha chamada telefónica do aeroporto interesándose polo abastecemento da auga e estanse facendo trámites neste sentido. Cando se chegue a algún acordo, poñerase en coñecemento da corporación.

En canto á xuntanza da mancomunidade, di o señor alcalde que poderanse unificar servizos, independentemente de onde estea censado o usuario.

Di o señor Canabal que hai que reinventarse e responde o señor alcalde que nestes momentos non queda outra.

Termina dicindo o señor Canabal que neste tema conten coa colaboración do seu grupo e que queren participar.

2. Rogo sobre a crise humanitaria

No pasado pleno de setembro de 2015, o pleno desta corporación aprobou por unanimidade unha moción presentada polo noso grupo plantexando unha serie de cuestións sobre a crise humanitaria en Siria e a obriga (das leis internacionais) de acoller aos refuxiados.

Foron multitude de concellos quen plantexaron tamén numerosas iniciativas a fin de poder facilitar a acollida de refuxiados coordinadas pola UE.

O Sr. alcalde en consoancia coa moción dicía estar dacordo e engadía que *“nen os veciños/as deben ser alleos a este problema. Debe existir – indicaba o alcalde – consenso entre todos e que proximamente se vai presentar un programa que se executará desde Servizos Sociais, podendo crear un rexistro de familias acolledoras e mesmo instrumentar un programa de voluntariado”*.

Ben, o meu grupo volta a traer a este pleno este punto, sendo conscientes de que ao mellor non é o lugar máis indicado, pero que é o único espazo onde podemos deixar constancia do noso rexeitamento ás políticas que está a acometer a UE, e que se verán plasmadas, de non impedilo, na vindeira semana.

Así pois, expoñemos o noso posicionamento sobre o acordo chegado esta semana no seo da UE (dos presidentes e primeiros ministros) con Turquía, o que podemos denominar “O Pacto da Vergoña”:

1. Este pacto supón renegar dos principios fundacionais comunitarias. Sexa ben porque Europa se abstrae das súas responsabilidades humanitarias (en contra das leis internacionais como alerta a propia ONU), ben porque canoniza as expulsións en quente (prohibidas tamén pola lexislación internacional), ou sexa porque a UE rebaixe a Turquía as condicións da súa adhesión co pacto acadado.
2. O acordo con Turquía dáse precisamente cando máis retrocederon os estándares democráticos neste Estado. Deste xeito Europa avala ao “Sultanato de Erdogan”, mentras este emprega ao seu antollo a presión dos refuxiados, abusa dos seus poderes, coacciona a liberdade de expresión, maltrata a separación de poderes e impón ao dogma do estado laico un descarado sesgo islamita.
3. Europa cede aos populismos xenófobos que emerxen por todo o Continente. Europa renuncia ás súas obrigas embrionarias e mesmamente á lexislación internacional cedendo aos gobernos xénofos, moitos deles localizados no Este.

En fin, o pacto é unha auténtica vergoña. Externalízase a axuda aos refuxiados, pagan a Turquía para desfacerse deles, incumprindo toda lexislación internacional en materia de refuxiados. É dende o punto de vista legal un atentado aos dereitos humanos, e dende o punto de vista moral, unha obscenidade. Europa calcúlase máis entre o electoralismo a curto prazo, que entre o que debera ser, a protección dos dereitos humanos.

E temos que dicilo. Non podemos calar.

Dos 16.000 refuxiados que se comprometera a acoller o Estado Español naquel mes de setembro, tan só 18 persoas.

Foi a sensiblería máis vergoñenta do caso Aylan, o que tivo un funeral entre plañideiras, o que parecera encender a sensibilidade da vella Europa. E ao fin, nengún resultado nestes máis de seis meses.

Non se trata dunha cuestión de dereitas ou esquerdas. Trátase de obrigas internacionais e de dereitos humanos, moi por riba das ideoloxías e profesións de cada quen.

É por iso que rogamos que se poñan en contacto urxentemente co goberno para esixirlle que Europa cumpra coas súas obrigas internacionais e non asuma este acordo vergoñento. Non se pode tolerar o pago para desfacerse dos refuxiados. É unha vergoña, é ilegal, contradí todos os principios constitutivos da UE, é ilexítimo, e é unha obscenidade.

A señora Soutullo fai os seguintes rogos e preguntas

1.ROGOS

- No pleno do 11 de novembro fíxoselles un rogo referente a colocación dun farol na entrada da escola unitaria de Camporrapado. Vemos que xa van alo 4 meses e aínda non se colocou , por iso reiteramos o rogo.

Di o concelleiro señor González Barral que alí hai dous farois, vistos por el mesmo. Do que non está seguro é de si alumean.

- Respecto o local solicitado por veciños , xa non sei se metelo como rogo, como pregunta ou tómallo directamente a forza . A ver que nos conta de esta vez .

Di o señor alcalde que no concello hai falta de espazo. Concretamente, temos o problema do arquivo para o cal tratarse de adaptar o espazo que existe no baixo do concello, na parte de atrás, e di o señor alcalde que se podería situar aí.

O señor Barcala di que lles corresponde un local, e deberían concedelo porque en calquera momento pode o grupo popular verse nesta situación.

- Rogaríamos se controlase o acendido e apagado do alumeadado público pois hai zonas nas que acenden as 6 da tarde e non se apagan ata as 11 da mañá, noutras non acenden e noutras apáganse cando menos contas.

Pregunta o señor alcalde en qué sitio concreto e responde a señora Soutullo que por exemplo en Castro.

- Rogaríamos que os fondos bibliográficos que se atopan amoreados en caixas nos baixos na Casa da Cultura de Camporrapado se lles busque un lugar adecuado.

Di o señor alcalde que “xa din orden ao departamento de cultura para que o fagan”.

- Aínda que xa sabemos que se está a espera dunha limpeza e restauración da Ponte Ledesma, Sería tan custoso colocar unha arqueta no lado de Ledesma? Xa fai tempo que está sen ela e ademais de ser antiestético entraña un gran perigo para os viandantes.

Di o señor alcalde que xa se colocou unha arqueta.

Responde a señora M^a Carmen Seijo que agora non está colocada senón que está no río. Di o señor alcalde que haberá que poñela outra vez e haberá que soldala para que non a volvan a retirar.

2.PREGUNTAS

- Respecto o Servizo Ecolóxico Recuperalia SL polo que esta empresa debe aboar o concello un canon de 300 € anuais por cada contedor (situados en O Forte, Sergude, Camporrapado e Codeso). Vemos que a 25 de xaneiro do 2016 este canon estaba sen pagar .

- Recibiu o concello a día de hoxe os cartos deste canon?

Feitas as oportunas comprobacións resulta que con data 25 de xaneiro do 2016, reclamouse o aboamento do canon.

Non obstante a esta data (9 de marzo do 2016) non consta efectuado o aboamento dos 300 € por contedor, e ao ser catro contedores deben aboar 1.200 €.

- No pleno do 11 de novembro preguntóuselles por que a biblioteca municipal non abría as súas portas polas tardes xa que así os escolares poderían facer uso dela. Respondéusenos que se miraría para ver se procedía .

- Qué pensan facer sobre o tema?

Responde o señor alcalde que de momento non adoptaron decisión algunha ao respecto.

- Sabemos que os “Amigos da Ponte” sacaron unha segunda edición do seu libro “Ponte Ledesma 9 arcos de auga, pedra e historia”

- Por que o concello de Boqueixón non colaborou na nova edición deste libro?

Recordámoslle ao Sr. alcalde que no acto de presentación de dito libro (5 de decembro de 2015) entendemos que se comprometera a que o noso concello colaboraría na segunda edición do libro.

Pensamos que estas mozas e mozos están a realizar traballos de grande interese cultural pero sen axuda non poderán continualos. Porén dende o Concello vemos que o único que interesa é asistir a actos tan só como figurantes.

Responde o señor alcalde que non formularon petición algunha ao concello nin fixeron propostas.

- Sobre a Fundación Neira Vilas:

- Sábese en qué situación se atopa nestes momentos dita fundación?
- Vai colaborar este concello para que esta fundación siga prestando a súa achega a cultura galega?

Responde o señor alcalde que si ten actividade e que el mesmo coincidiu co vicepresidente en varios actos e lle trasladou a colaboración do Concello de Boqueixón. Concretamente, desde o concello acabamos de lanzar un concurso de relatos.

- Xa que o equipo gobernante pertence o grupo popular poderíanos aclarar por que o PP votou en contra da petición feita no Parlamento de Galicia polo grupo do PS de G para que os galpóns e galiñeiros deixen de computar para pedir bolsas de estudos?

Responde o señor alcalde que non o sabe nin ten coñecemento diso.

O señor Barcala fai os seguintes rogos e preguntas

1. ROGOS

- Que se sinalice ou peche o acceso á Fonte Pública da Ponte Ledesma, que debido ao seu abundante caudal nestas datas fai que a auga caia fóra da pileta enchendo o seu chan de musgo e lodo escorregadizo co correspondente perigo de caídas (unha das cales me afectou).

Di o señor alcalde que o mirarán e verán o que se pode facer

- Que se redondeen, é dicir, que as arestas das beirarrúas de pedra da Ponte Ledesma se fagan semiredondas, para evitar que se convertan en auténticos coitelos de corte que están provocando cortes en rodas de vehículos e de momento non afectaron a persoas, pero poderían. Soamente con pasar unha rotaflex e pulir estas arestas xa se daría por amortizado o perigo.

Esta obra que rondou os 100.000 € presenta un estado lamentable e perigoso, e no seu momento xa tiñamos presentado varias queixas ás que agora engadimos esta, ademais da falta dalgunha arqueta no pavimento da Ponte como xa se dixo neste pleno.

Di o señor alcalde que se revisarán

- Que se tapen as numerosas fochancas que hai na estrada AC-960 e na AC-261 que están totalmente desfeitas pola auga deste inverno, e que xa noutro pleno solicitáramos o seu arranxo.

Di o señor alcalde que se entrevistou coa concelleira e lle comunicou que estaban redactando un proxecto para reforzar a AC-960. Tamén solicitei a colaboración para a execución de sendas en Sergude e outros.

Segue dicindo o señor alcalde que cando teña máis información daralle traslado dela, pero que as obras si se van executar.

2. PREGUNTAS

- Que pasou coa pista de LOUREDA que xa preguntei no derradeiro pleno de xaneiro por uns buratos que tiña no seu firme que naquel momento eran dous pero a día de hoxe xa pasan de 10 e iso que o arranxo de esta pista non é de máis de 6 meses? Xa se lle acabou a garantía? Aínda non se estreou por así dicilo e xa se desfai.

Responde o señor alcalde que trasladou ao director de obra que hai deficiencias na execución e comunícanme que, efectivamente debe ser a empresa adjudicataria a que debe reparar esas deficiencias, pero debe facelo cando haxa bo tempo.

- Que pasa co ascensor do local social de Lestedo?, non se lle vai facer a revisión?

Responde o señor alcalde que está sen activar e por isto non se fan a revisións

- Que pasa coa rotulación dos coches do Concello?¿Temos que recorrer a Instancias superiores para que se cumpra cas obrigas?

Responde o señor alcalde que xa está aceptado o presuposto de rotulación dos coches desde o mes de febreiro. Estamos pendentes de que nos poñan día para levar os coches a rotular.

Sen máis, asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e Prace
O alcalde